



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 28 DE MAIO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinteito de maio de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Javier Iglesias Sendin .

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.  
Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinte de maio de dous mil trece (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

**DENEGACIÓN LICENZA DE OBRAS RIB/C/36/13. -**

Visto o escrito presentado por **Don Cándido Rivera Pérez**, onde solicita enganche de luz para galpón en solo rústico.

Visto o informe técnico da Arquitecto Municipal de data 09 de maio de 2013 no que se conclue o seguinte:

*“**Quinto:** Dado que se trata de solo rústico de especial protección de espazos naturais están prohibidas calquera tipo de obra que poda transformar a natureza rústica do solo.*

***En solo rústico.***

*Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.*

*Artigo 70º*

*1. As infraccións urbanísticas clasifícanse en moi graves, graves e leves.*

*2. Son infraccións moi graves as accións e omisións que constitúan incumprimento das normas relativas ó uso e edificación que afecten a zonas verdes, espacios libres, dotacións, equipamentos ou solo rústico con especial protección.*



*Son así mesmo infraccións moi graves a parcelación urbanística en solo rústico e a realización de obras de urbanización sen a previa aprobación do planeamento e proxecto de urbanización esixibles.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

1. Denegar a licenza de enganche de luz para galpón en solo rústico a **Don Cándido Rivera Pérez**, en base ao informe técnico anteriormente transcrito.

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Escrito de Gestima S.L., con data RE 27 de maio de 2013 N° RE 2574, relativo a “Envío de documentación sobre la marcha de la explotación de la Concesión del Párking sito en la Alameda de Ribadavia”.

### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, con data RE 28 de maio de 2013 N° RE 2606, relativo a autorización sanitaria de reapertura dunha instalación de piscina de uso colectivo.
2. Comunicación da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, con data RE 21 de maio de 2013 N° RE 2506, relativo a incoación expediente ruina inmovible.

### **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

#### **APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DE GRUPO DE EMERXENCIAS MUNICIPAIS.-**

Dase conta por parte do Secretario da proposta de alcaldía de data 24.05.2013 relativa a aprobación dunhas bases para selección de persoal para cubrir dez prazas do Grupo de Emerxencias Municipais

No expediente constan os seguintes elementos:

1. Bases de selección asinadas polo Alcalde en data de 24.05.2013 acompañadas da xustificación da necesidade da contratación.



2. Informe de intervención de data 27.05.2013.

3. Informe xurídico de data 27.05.2013.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir dez prazas do Grupo de Emerxencias Municipais.

**DECLARACION DE INCURSIÓN NA SITUACION DE FORA DE ORDENACIÓN RIB/C/181.2/12.-**

Visto o expediente iniciado en data 19 de abril de 2012 mediante solicitude de Don José Manuel Almuíña García, ao amparo da Disposición Transitoria 3ª da Lei 2/2010.

Visto o informe técnico de data 21 de maio de 2013 no que se dicía que:

*“Cuarto: En canto aos requisitos a cumprir pola edificación para poder acollerse ao réxime previsto na disposición transitoria 3ª da Lei 2/2010:*

- a) Non estar executadas sobre terreos cualificados polo planeamento como zona verde, espazo libre, dotación ou equipamento público. A construción está situada en solo de núcleo rural común.*
- b) Terse realizado sen licenza urbanística municipal ou sen a preceptiva autorización autonómica. No arquivo do Concello a única documentación existente é a indicada no punto terceiro. Non consta licenza de obras nin de actividade.*
- c) Que se acredite que con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2003 se atopaba totalmente rematada. Preséntase copia de factura emitida por Unión Fenosa en data 01/07/99, copias de facturas emitidas por Aqualia en datas 11/06/2010 e 17/09/2012, copia do recibo do pago do servizo de recollida de lixo 2007, copia do pago do IBI contraído no 2012 debendo liquidar os anos 2008, 2009, 2010, e 2011. No Certificado Catastral Telemático figura como data de construción do local principal o ano 2005.*
- d) Que a Administración non adoptase ningunha medida de restauración da legalidade urbanística ou ambiental antes da entrada en vigor da Lei 2/2010. Non consta no a Arquivo Municipal expediente de Disciplina Urbanística.*
- e) Que se acredite a preexistencia dun uso continuado da edificación. Preséntase copia de factura emitida por Unión Fenosa en data 01/07/99, copias de facturas emitidas por Aqualia en datas 11/06/2010 e 17/09/2012, copia do recibo do pago do servizo de recollida de lixo 2007, copia do pago do IBI contraído no 2012 debendo liquidar os anos 2008, 2009, 2010, e 2011.*

*Quinto: A documentación presentada non acredita que o inmovible ao 1 de xaneiro de 2003 se atopaba totalmente rematado, tal e como se atopa na actualidade. No título de compra venta presentado de data 3 de novembro de 1991 descríbese*



*unha casa, en estado ruinoso, que ocupa en planta unha superficie de 72,00 m<sup>2</sup>, mentres que no Certificado Catastral Telemático e na memoria descritiva presentada indicase que a ocupación actual do inmovible é de 157,00 m<sup>2</sup>”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

1. Denegar a declaración de incursión na situación de fóra de ordenación total para incorporación ao patrimonio do seu titular, ao abeiro da disposición transitoria terceira da lei 2/2010, dunha edificación, situada na Rúa Diez nº 15, Baixo, en Ventosela, no municipio de Ribadavia (Ourense), instada por Don José Manuel Almuiña García xa que non se acredita debidamente que con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2003 a edificación se atopaba totalmente rematada e posto que non se acredita a preexistencia dun uso continuado da edificación, como consta no informe técnico transcrito anteriormente.

**XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº2/13.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº2 /13, por importe de 16.885 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

